

Ermida de Santiaguíño do Monte



Imaxe: Xenealoxías do Barbanza

Descrición

Ermida de estilo barroco, planta rectangular dunha nave co presbiterio englobado e cantaría de granito. Ten a fachada con porta de orelas e unha fornela coa imaxe do santo cun gran tímpano curvo, coa súa cornixa enlazada cas pilastras de esquina, que pechan o frontispicio. Pequena espadana, dun só corpo no interior, sinxela imaxe pétrea do Apóstolo e no chan apréciase a sepultura gótica de San Gregorio.

Este antigo santuario paleocristián está erixido sobre un conxunto de rochas graníticas que forman un pequeno monte pétreo. Estas rochas deixan cavidades de diversas formas e tamaño ás que a tradición popular lle asigna diferentes nomes.

Desde a Idade Media foi lugar xacobeo, impulsado no século XV polo Arcebispo Rodrigo de Luna, e no século XX polo Arcebispo Martín de Herrera. Segundo a lenda, cando Santiago estaba a predicar o evanxeo, foi desafiado por unha muller que lle dixo: *"Se o teu Deus ten tanto poder, que faga xurdir a auga para quitar a miña sede"*. Entón Santiago golpeou a pedra co seu bastón, xurdindo un [manancial de auga](#) ao que hoxe en día se lle dan propiedades milagreiras.

O Santiaguíño do Monte foi un dos escenarios onde se rodou a película “En la red de mi canción”, protagonizada por [Andrés do Barro](#) no 1971. Esta aventura cinematográfica do cantante galego fracasou, e incluso foi dobrado por un actor de dobraxe profesional, aínda que as cancións si mantiñan a súa voz.

INFORMACIÓN	
TIPOLOXÍA	Arquitectura relixiosa
CRONOLOXÍA	Século XVIII
CONCELLO	Padrón
PARROQUIA	Santiago de Padrón
REFERENCIAS	<p>Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Padrón, aprobado o 27 de xullo de 1994</p> <p>Patrimonio Galego (http://patrimoniogalego.net/index.php/8965/2011/11/santiaguino-do-monte/)</p> <p>Andrés do Barro no Santiaguíño do Monte (https://www.youtube.com/watch?v=FkKe0F0yNA0&t=66s)</p> <p>Daniel Seijas (https://www.facebook.com/groups/obaixoulla/permalink/3203105956607237/)</p>

XEOLOCALIZACIÓN	
COORDENADAS	42.738180804929 , -8.6672770287167
IMAXE CAPTURA GIS	



* Información obtida da páxina web obaixoulla.gal. Xeolocalización a partir da información de mapas.xunta.gal.